

EXTRACTO DOS ACORDOS ADOPTADOS POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NA SESIÓN CELEBRADA O DÍA 26 DE FEBREIRO DE 2014

A Xunta de Goberno Local celebra sesión ordinaria, en primeira convocatoria, o día vinte e seis de febreiro deste ano, baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde en funcións, DON LUIS MANUEL ÁLVAREZ MARTÍNEZ e coa asistencia dos Ilmos. señores concelleiros DONA SONIA MÉNDEZ GARCÍA, DONA MARÍA DEL CARMEN BASADRE VÁZQUEZ, DON MANUEL ENRIQUE CHAÍN FERNÁNDEZ, DON JOSÉ MANUEL DÍAZ GRANDÍO, DONA ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA e DON MANUEL NÚÑEZ LÓPEZ. Actúa como Secretaria a Concelleira-Secretaria da Xunta de Goberno Local, dona María del Carmen Basadre Vázquez, e asisten á sesión a Vicesecretaria, dona María García Ferro e o Interventor Xeral Municipal, don Marcial Rodríguez Toajas, os cales foron convocados para o efecto. Adóptanse conforme ós termos da orde do día os seguintes acordos:

ÁREA DE URBANISMO

1. LICENZAS URBANÍSTICAS.- Acórdase a concesión das seguintes licenzas: para cambio de uso de dúas vivendas a un local de uso sanitario en grao 5º na planta primeira do edificio con licenzas números 197/08 e 93/13, quedando este composto por planta baixa para dos locais e 4 plantas altas para un local de uso sanitario en grado 5º e 6 vivendas, sito na Praza Maior, número 19; para acondicionamento de tres locais comerciais a, b. e c, para un ximnasio, no edificio con licenza número 1173/07, sito en solo urbano, na rúa Mar Cantábrico, números 23-31; para a legalización de cambio de porta por ventá na fachada do edificio con licenza número 141/62, sito en solo urbano na rúa Montirón, número 10; para demolición da edificación de planta baixa, alta e baixo cuberta, sita na avda. da Coruña, número 107, e rúa Luis Seoane, número 52; para demolición da edificación de planta baixa e dúas alta e outro posterior de planta baixa e alta, na rúa Milagrosa, número 14; para a reforma de local en planta baixa para comercio de venda ó polo miúdo de calzado e complementos, no edificio sito en solo urbano, na rúa Montevideo, número 10 e para a construción de vivenda unifamiliar no núcleo rural 14.3 Corral de Arriba-Corral de Abaixo-Penelas, parroquia de Calde.

Acórdase a rectificar o erro padecido no acordo número 2/20, de concesión a licenza para a modificación de edificio para centro comercial con licenza número 1.290/2007, sito na rúa Orquidea, sector Norte H-, fase 1.

Tamén se acorda exceptuar do cumprimento das condicións NHV-2010, normas de habitabilidade de vivendas de Galicia 2010, reguladas polo decreto 29/2010, do 4 de marzo, para a actuación de instalación dun ascensor no edificio con licenzas 62/77 e 421/89, sito na avda. Carlos Azcárraga, número 1.

FIRMADO POR	Carmen Basadre Vazquez - TA Delegada Cultura	FECHA	03/03/2014
ID. FIRMA	afirma.pro	PÁGINA	1/3
 HeXm1sxd0Cq37VJ1Nf1tKQ=-			

Así mesmo, acórdase exceptuar do cumprimento das condicións nhv-2010, normas de habitabilidade de vivendas de Galicia 2010, reguladas polo decreto 29/2010, do 4 de marzo, para a actuación de instalación dun ascensor no edificio con licenzas 450/73 e 107/81, sito na rúa Poeta Noriega Varela, números 12 e 14.

2. XESTIÓN.- Acórdase a resolución do recurso de reposición interposto contra a imposición da sétima multa coercitiva no expediente de orde de execución de obras no inmovible número 42 da rúa Xulia Minguillón.

ÁREA DE ALCALDÍA, RECURSOS HUMANOS E PROTECCIÓN DA COMUNIDADE

3. PERSOAL.- Acórdase a autorización para realizar servizos extraordinarios por persoal adscrito ó Servizo de Persoal e a aprobación da forma de compensación.

ÁREA DE ECONOMÍA, EMPRENDEMENTO, AUTÓNOMOS E EDUCACIÓN

4. CONTRATACIÓN, PATRIMONIO E FOMENTO.- Acórdase a revisión de prezos correspondente á autorización do aproveitamento especial de varios espazos de dominio público municipal na rúa San Marcos do Concello de Lugo, mediante a instalación de terrazas e cadeiras (terrazas nº 1 e 3) para o período que vai entre o 6 de marzo de 2014 e o 5 de marzo de 2015.

Acórdase a prórroga do contrato administrativo correspondente á explotación da cafetería anexa ao complexo deportivo da piscina municipal de Frigsa.


Tamén se acorda revisión de prezos para o período comprendido entre o 23 de setembro de 2013 e o 22 de setembro de 2014 para a actualización do contrato administrativo correspondente ao servizo de limpeza nos diferentes centros e dependencias municipais, así como nos colexios públicos do Concello de Lugo. Lote 1.

Do mesmo xeito, acordase a revisión de prezos para o período comprendido entre o 23 de setembro de 2013 e o 22 de setembro de 2014 para a actualización do contrato administrativo correspondente ao servizo de limpeza nos diferentes centros e dependencias municipais, así como nos colexios públicos do Concello de Lugo. Lote 2.

5. FACENDA LOCAL.- Acórdase aprobar a solicitude na que interesa a desistencia á solicitude de licenza de obras para construción dunha vivenda unifamiliar illada no polígono 501, parcela 25, Agro de Forxaco - Penarrubia, pola

Código Seguro de verificación:HeXm1sxd0Cq37VJ1Nf1tKQ==. Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: <http://intranet.lugo.es/verifica>
Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.

FIRMADO POR	Carmen Basadre Vazquez - TA Delegada Cultura	FECHA	03/03/2014
ID. FIRMA	afirma.pro	HeXm1sxd0Cq37VJ1Nf1tKQ==	PÁGINA 2/3



HeXm1sxd0Cq37VJ1Nf1tKQ==

que ingresou a autoliquidación núm. 4042891, en concepto de taxas pola prestación de servizos urbanísticos, por importe de 1.808,05 €.

Acórdase a regularización da situación tributaria en concepto de taxas pola prestación de servizos urbanísticos e imposto sobre construcións, instalacións e obras, ó renunciar á licenza de obras número 1502/2009 concedida para construír un edificio na rúa Mondoñedo, 39.


ÁREA DE SERVIZOS XERAIS E MODERNIZACIÓN ADMINISTRATIVA

6. PARTICIPACIÓN CIDADÁ.- Acórdase a aprobación das bases xerais polas que se regula a autorización do uso en precario do local social sito na praza das Illas, 3 para asociacións sen ánimo de lucro, sitas na zona de montirón e apertura de convocatoria pública.

Asinado pola Tenenta de Alcalde Delegada da Área de Cultura, Turismo, Xuventude e Promoción da Lingua e Concelleira-Secretaria da Xunta de Goberno Local, María del Carmen Basadre Vázquez.

Código Seguro de verificación:HeXm1sxd0Cq37VJ1Nf1tKQ==. Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: <http://intranet.lugo.es/verifica>
Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.

FIRMADO POR	Carmen Basadre Vazquez - TA Delegada Cultura	FECHA	03/03/2014
ID. FIRMA	afirma.pro	HeXm1sxd0Cq37VJ1Nf1tKQ==	PÁGINA 3/3



HeXm1sxd0Cq37VJ1Nf1tKQ==